



# BRICS

## DescriciÃ³n

Un segundo asunto relevante Ã© o impulso ou non Ã¡ sÃªa propia moeda. A base tÃ©cnica xa existe: o Novo Banco de Desenvolvemento creado en 2014 e que agora preside Dilma Rousseff, pero compren decisiÃ³ns polÃticas valentes. SerÃªa un primeiro intento sistÃ©mico crible de competir co dominio planetario do dÃ³lar estadounidense e o inicio do rÃ³xime financeiro bipolar vaticinado por Nouriel Roubini. Se este proceso tivera Ã©xito, poderÃamos pensar que as perspectivas da maior reorganizaciÃ³n do mundo da posguerra serÃªan moito mÃ¡is que desexos sobre o papel. E no prÃ¡ctico e inmediato, poderÃa afirmarse como o gran banco do mundo en desenvolvemento, apoiando a loita contra a fame, a desigualdade e a crise climÃ¡tica, como dixo Lula en China recentemente. Pero polo momento, case todo segue a ser Ã³ptimo?.

Noutra orde, a dualidade estratÃ©xica de India segue sen resolver. Se os BRICS comparten, en maior ou menor medida, un fondo escepticismo anti-occidental, a disensiÃ³n sino-india engade incerteza e modera a retÃ©rica revisionista da gobernanza global. A India nacionalista de Narendra Modi ven apostando por unha estratexia diversificada. Historicamente estÃ¡ perto de Moscova, que segue sendo o seu principal provedor de armamento. Pero tamÃ©n Ã© parte do QUAD, cos EUA, XapÃ³n e Australia, con clara intenciÃ³n de contrarrestar a esa China coa que, por outra banda, comparte espazo na OrganizaciÃ³n de CooperaciÃ³n de Xangai. Un equilibrio xeopolÃtico complicado.

Hai nos BRICS boas intenciÃ³ns e mellores oficios ante unha axenda exhaustiva de asuntos que van abordando cumio tras cumio (o prÃ³ximo de Durban serÃ¡ o XV). Ã© recoñecido o seu acrÃ³nimo como unha marca global que abandeara un propÃ³sito de ruptura pero que, cando menos ata agora, non pasou do voluntarismo. A mellora da eficiencia institucional Ã© unha demanda formulada dentro pero tamÃ©n dende fora. Todo terÃ¡ que avanzar ao seu ritmo en funciÃ³n dos consensos que se poidan labrar. O problema Ã© que a fiestra de oportunidade debe ser aproveitada a tempo ou pasarÃ¡ de longo. Esta Ã© a disxuntiva que pode lastrar os BRICS.

O predominio dos intereses e circunstancias nacionais condiciona a dinÃ¡mica do grupo e os seus proxectos. Hai un gran potencial, certamente: se ben en valor nominal non corrixido por paridade de poder adquisitivo (PPA) o PIB dos BRICS na riqueza global segue sendo moi inferior ao do G7 (43,7% contra 26%, segundo fontes do FMI), o seu peso no mundo non deixou de medrar. En termos de PPA, os BRICS xa superan ao G7 (31,5% fronte a 30,7%). Entre 2021 e 2022, a sÃªa contribuciÃ³n ao crecemento mundial foi do 31,2% fronte ao 25,6% do G7.

Moscova e Beijing estÃ¡n en sintonÃa Ã¡ hora de amosar certa belixerancia anti-estadounidense Non acontece de todo o mesmo cos outros tres socios, onde hai matices importantes. A xeraciÃ³n de confianza polÃtica interna Ã© indispensable para mellorar a cohesiÃ³n. Non o facilita o feito de que exista un desequilibrio tan relevante entre os seus integrantes a favor de China. O PIB de SudÃ¡frica equivale ao 3 por cento do de China. Representa mÃ¡is do dobre da suma dos outros catro.

Quizais non sexa cousa de elixir en función de hipotéticos bloques sen dunha axenda transformadora da orde global. A non aliación, asociada coa tradición contemporánea india, é en boa medida compartida polo discurso diplomático dunha China que critica aos EUA por obrigar aos demais países a elixir bando.

Os BRICS poden ser símbolo dunha alternativa estratégica, financeira e económica ao G7 que compense a perda de influencia global dos EUA cunha proposta de gobernanza que se pode fundamentar nunha multipolaridade en proceso de xestación, pero abriga aínda certamente non poucas ambigüidades, contradicións e reservas.

É hora de pasar da retórica á realidade. Será inxenuo pensar que isto será doado.

## APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Outros

## ETIQUETAS

BRICS Presidencia Sudáfrica BRICS dualidade estratégica india

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACIÓN

Relacións Internacionais e Geopolítica

## Data de creación

23 de Maio, 2023

## Metacampos

Autoría : 3717